

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Aprobación, exposición pública e posta ao cobro de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 1º trimestre 2024

### ANUNCIO

#### APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 1º TRIMESTRE 2024

Expediente TEDEC: 2024/X999/000091

Por resolución ditada en data 10 de xuño de 2024, Decreto nº 229/2024, o Sr. Alcalde resolveu:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o padrón de auga- sumidoiros do Concello de Carral correspondente ao primeiro trimestre do 2024 (xaneiro, febreiro, marzo), co seguinte resumo:

CONCEPTO	Nº CLIENTES	CONSUMO, m <sup>3</sup>		IMPORTE, euros		
		medido	facturado	base	ive	
ABASTECIMIENTO	NO DOMESTICO	320	28.359	28.455	24.294,23	2.428,93
	DOMESTICO	2671	53.152	54.020	47.148,20	4.712,63
	OBRAS	20	558	558	584,40	58,41
	CONCELLOS	3	16.419	15.860	4.483,62	448,37
<b>TOTALES</b>	<b>3.014</b>	<b>98.488</b>	<b>98.893</b>	<b>76.510,45</b>	<b>7.648,34</b>	
SUMIDOIROS	NO DOMESTICO	190	23.908	24.278	2.913,36	291,29
	DOMESTICO	1.926	37.882	39.395	4.638,27	462,86
	OBRAS	12	354	354	42,48	4,25
	HOSTELERIA	24	1.272	1.311	157,32	15,75
<b>TOTALES</b>	<b>2.152</b>	<b>63.416</b>	<b>64.338</b>	<b>7.751,43</b>	<b>774,15</b>	
DEPURACION	NO DOMESTICO	228	23.909	24.278	14.113,18	1.411,86
	DOMESTICO	1.956	37.811	38.324	14.639,19	1.468,71
	OBRAS	13	354	354	253,98	25,44
	HOSTELERIA	26	1.272	1.311	833,86	83,46
<b>TOTALES</b>	<b>2.223</b>	<b>63.346</b>	<b>64.267</b>	<b>29.840,21</b>	<b>2.989,47</b>	
CANON DO AUGA	3.010	82.048	83.012	27.475,35	--	
ALQUILER CONTADOR	2.259	--	--	3.904,69	827,82	

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o devandito padrón, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín oficial da provincia, nas dependencias municipais, nas oficinas de EMALCSA en Carral (Costa do Pincho, 40-42) e na Coruña (Rúa Manuel Murguía s/n- Casa da Auga).

Esta exposición, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. As persoas interesadas poderán examinar as liquidacións e presentar reclamacións durante un período de quince días, contados a partir da data de inicio do cobramento da referida taxa, nas dependencias sinaladas e no teléfono de Atención ao Cliente (981242322).

**TERCEIRO.-** Aprobala liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A Taberna XXI S.L. ata Zarbo Varela, Rosario Valeria, polo importe global de 157.721,91 € (130.246,56 € de liquidacións -abastecemento, sumidoiros, depuración e alugueiro contadores- e 27.475,35 € de canon de Augas de Galicia).

**CUARTO.-** Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

**QUINTO.-** Que se poñan ao cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no boletín oficial da provincia -BOP- do citado edicto. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos que obran nesta Administración e que foron entregados a EMALCSA, S.A.. Por razóns de eficacia administrativa e co fin de evitalles desprazamentos e esperas innecesarias ás persoas contribuíntes, este sistema será considerado coma preferente. Os recibos domiciliados serán remitidos ás correspondentes contas bancarias a partires do día 20 de xuño de 2024.

Nas dependencias de EMALCSA en Carral ou na Coruña ou no número de conta que EMALCSA habilitou ao efecto: ABANCA IBAN ES63 2080 0002 6130 4000 1747.

Para os efectos de lograr unha maior eficacia na prestación destes servizos prérgase a todas as persoas usuarias que, en caso de detectaren algunha anomalía ou erro nos seus datos identificativos de titularidade, enderezo ou conta corrente, se poñan en contacto con EMALCSA á fin de que se poida proceder á rectificación dela.

**SEXTO.-** Comunicarlle este decreto a EMALCSA.

Concello de Carral, 12 de xuño de 2024

O Alcalde,

Francisco Javier Gestal Pose

2024/4146